



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
DOUTOR FLEMING

ANPA FLEMING
Rúa Ourense 15
36211 VIGO

Teléfono: 986 413441
Correo-e: anpafleming@yahoo.es

*Aprender a coñecer, aprender a
facer, aprender a vivir xuntos,
aprender a ser*

Tamén estamos na web:
[http://es.geocities.com/
anpafleming](http://es.geocities.com/anpafleming)

A voltas coa estrutura.

No mes de outubro visitou o noso local a Concelleira do BNG, María Méndez coa finalidade de recoller as nosas propostas de uso para estrutura que estrema co noso colexio pola rúa Romil. As ideas que lle demos van na dirección de utilizar este espazo para uso da veciñanza.

Ao mes seguinte a concelleira presentou perante o Concello unha moción para solicitar que a estrutura de propiedade municipal se transforme nun centro de usos sociais para o barrio.

A primeiros de novembro, a través dunha circular, convocámosvos a todas as nais e pais para colocar, xunto coa Asociación de Veciños, unha pancarta reivindicativa na referida estrutura. Malia que non veu moita xente a pancarta foi colocada e aí segue como recordatorio de cales son as nosas pretensións. Por sorte os medios de comunicación recolleron o acto e isto permitiu que de novo as nosas demandas foran actualidade.

Código autorregulación de TV

En decembro de 2004 os operadores de televisión con cobertura estatal, aceptaron un compromiso de autorregulación sobre contidos televisivos e infancia. Este compromiso busca garantir o respecto aos dereitos fundamentais dos menores, fomentar o control dos pais e evitar determinados contidos televisivos non aptos para menores en horario infantil.

A CEAPA (confederación española de pais de alumnos) forma parte da Comisión Mixta de seguimento que velará polo cumprimento do Código. Se queres coñecer este documento o queres presentar una reclamación por incumprimento do Código podes facelo a través do seguinte web: <http://www.ceapa.es>

Actividades polo Nadal

Como xa sabedes a ANPA realizou a semana pasada unha campaña de recollida de xoguetes e alimentos que xa foron entregados a distintas organizacións humanitarias. O xoves, 22 de decembro, Papá Noel volverá a visitar o noso colexio para entregar un agasallo a todos os nenos/as



Agradecemento

A ANPA quere agradecer expresamente a Carmen Leboreiro, a anterior presidenta, o traballo realizado na Asociación. O seu labor, malia que tivo que facelo en tempos de cambio, foi sen dúbida moi importante. Ela colleu o temón cando ninguén quería levar o barco. Tamén lle agradecemos a Marga Pérez Mariño o seu compromiso e tesón para conseguir que o novo colexio fora realidade e estivera ben equipado. Grazas, en fin, a todos/as os que colaborástedes.

BO NADAL E VENTUREIRO ANINOVO



Volumen 2 nº 1

Nadal 2005



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DOUTOR FLEMING

Boletín Informativo ANPA Fleming

A reforma da LOU e o ensino público.

Un curso máis este boletín aproveita a mochila do teu fillo para entrar na túa casa e compartir contigo as actividades que desenvolve a asociación e, así mesmo, opinar sobre asuntos que teñen que ver co noso colexio ou coa educación en xeral.

Un destes últimos temas, de vixente actualidade, é a reforma do sistema educativo. A lei que no seu día non consensuou o goberno anterior vai a ser modificada polo actual con poucas posibilidades de ter o beneplácito do principal partido da oposición que é xusto o que antes gobernaba. A educación que necesita altas doses de responsabilidade, consenso e estabilidade para traballar no longo prazo, que é o único tempo no que se poden ver os froitos conseguidos, é agora instrumento de presión política que se utiliza para dividir e enfrontar.

Tras o argumento de que debe garantirse a liberdade dos pais a elixir, sectores pouco amantes do ensino público montaron unha plataforma para esixir que o Estado pague aos centros concertados o custo do ensino básico ao tempo que queren ter a posibilidade de cobrar cotas adicionais. Asemade, pretenden ampliar as prazas financiadas con fondos públicos en función da demanda, mais non queren saber nada das medidas que garantan un reparto dos alumnos con necesidades especiais, coma os emigrantes. Queren tamén esixir, como requisito de admisión, que os alumnos acepten o seu ideario educativo e que a relixión sexa avaliable e computable.

No conxunto dos países da OCDE o ensino público representa o 90 % do total, en España esta porcentaxe baixa ata o 67% no seu conxunto e diminúe ata o 50% nas... (segue pax. 2)

CONTIDO:

A visita dos profes europeos.	2
Colexio certificado, colexio de calidade.	3
O Fleming na rede municipal de bibliotecas.	3
A voltas coa estrutura Actividades polo Nadal	4
Código autorregulación de TV Agradecemento	4



(*enclapaxl*)

grandes cidades.

En moitos países do noso entorno non se entendería que un político, ou un xefe de estado, enviara aos seus fillos a estudar a centros privados; no noso son excepción os que optan pola escola pública pois os centros prestixiados, os que educan as elites políticas e económicas, son os de titularidade privada.

As nais e pais que escolarizamos aos nosos fillos na escola pública non imos permitir que os nosos centros se convertan en guetos ou que non reciban o financiamento necesario para garantir unha educación de calidade. O ensino público é o ensino de todos e para todos, sen importar a nacionalidade de orixe, a etnia, a clase social a que se pertenza, ou a capacidade económica que se teña. Sentímonos orgullosos dos valores que sustentan este modelo e para defendelos non dubidaremos en mobilizarnos e encher os autobuses que sexan necesarios para asegurarnos de que todos os centros que reciben diñeiro do Estado estean obrigados a someterse as condicións do interese público. O ensino privado-concertado ten que ser subsidiario do ensino público que deba ser o único que reciba o financiamento estatal. A nova lei ten que camiñar neste sentido. Por se acaso cómpre estar alerta e ir reservando os billetes por se temos que viaxar.

A visita dos profesores europeos

Durante o mes de novembro recibimos no colexio a visita dun grupo de profesores de distintos países europeos (Finlandia, Polonia e Bélxica). Estas viaxes enmárcanse dentro dun programa de colaboración entre varios colexios auspiciado pola Comunidade Europea, no que os profesores realizan estadias de traballo noutros centros para preparar actividades conxuntas dos seus alumnos. Os intercambios serven para espertar o interese dos rapaces por descubrir outras xentes e outras linguas, ademais de comprobar a importancia de saber inglés para comunicarse co resto do mundo.



Comenius

Como era de esperar, tamén se aproveitou a visita para facer un pouco de turismo e dar a coñecer Vigo e outros lugares da nosa xeografía. O caso é que, a pesar do mal tempo, non pararon un momento, nin eles nin as profesoras que os acompañaron cada día. Dende aquí queremos agradecer o esforzo e a dedicación de Luz, Manoli... e os demais profesores que traballaron a reo para organizar esta visita, que, sen dúbida, foi un éxito.

PLAN AVANZA Hogares Conectados

Plan do Mº de Industria para financiar ás familias a compra de equipamento informático. Importe máximo 1000€ | Sen Xuros | Devolución en 36 meses | Sen Comisións
Máis información na web da ANPA: <http://es.geocities.com/anpafleming>
Se o vas a solicitar ¡Faino axiña!

Colexio certificado, colexio de calidade

A finais de xuño do ano 2005, ó colexio Doutor Fleming déronlle un novo código: ER 1008-2005. Dende a ANPA decidimos investigar o que isto quería dicir.

Tras moitas pescudas, esclarecemos que iso significa que o Fleming, “noso” colexio, conseguiu a certificación de calidade ISO 9000 para centros de ensinanzas. Noutras verbas, un recoñecemento, por unha entidade externa de recoñecida solvencia, de que no Fleming dáse unha correcta prestación do servizo educativo para a ensinanza regrada nos niveis de primeiro, segundo e terceiro ciclo de educación primaria. Aínda que a contestación soaba ben, na ANPA seguimos investigando, e preguntando ...

É algo que fan tódolos centros de ensinanza?, Non, o Fleming é o primeiro é único centro público de primaria que o ten feito en Galicia.

É algo doado de facer? Non. Non soamente tes que facer ben as cousas, senón que logo leva máis dun ano de moito, moito traballo demostrarlle ós inspectores que as cousas estanse facendo ben, e corrixindo seguido o que se fai mal.

Páganlle algo os profesores pola certificación? Pois non, parece que están a cobra-lo mesmo. Entón, obríganlle os profesores a face-la certificación? Non, é un proceso voluntario o que presentouse o equipo directivo do Fleming, apoiado polo claustro de profesores.

E logo, por qué están a facelo? Ben, aínda non temos unha resposta clara de por qué algúns profesores estanse empeñando en facer do Fleming un colexio cada vez mellor e máis recoñecido, pero seguimos tentando indagalo ... (seguirá)



Dentro do que de momento é unha experiencia piloto, o Colexio Fleming foi seleccionado polo Concello de Vigo para crear unha biblioteca de proximidade. A actividade deste servizo



comezará no mes de febreiro e se prolongará ao longo do curso 2006-2007. Outros centros seleccionados son o CEIP Bouzas-Rocío e CEIP Friáis-Teis.

A pretensión da Concellería de Cultura é achegar a información e os coñecementos aos cidadáns tomando como exemplo o traballo realizado en distintas cidades de Cataluña. Ao mesmo tempo se está a informatizar todo o fondo co obxectivo de

desenvolver un sistema que permita devolver ou coller un libro en calquera biblioteca da rede. Unha vez máis o Fleming volve a ser un centro de referencia.